



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 18 de FEBREIRO de 2022 (1158/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta e cinco minutos do día dezoito de febreiro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamé presente por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(107).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

## **2(108).- APROBACIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS DE “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 5220/443.**

Visto o informe de fiscalización do 18/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 17/02/2022, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 1 de xuño de 2021 , acordou adxudicar a ARENAS ASOCIADOS INGENIERÍA DE DISEÑO, S.L.P., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do SERVIZO DE ESTUDO PREVIO, REDACCIÓN DE PROXECTO, DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS PARA A CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE, expdte 827-441.

II.- A empresa ARENAS E ASOCIADOS INGENIERIA DE DISEÑO S.L.P. presentou borrador de proxecto de “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFIN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Miguel Sacristán Montesinos.

III.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 29.09.2021 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación desenrolase entre o vial a cota inferior Serafin Avendaño, e a praza superior da estación intermodal e centro Vialía, consiste na creación de una nova conexión peonil, entre dúas zonas de gran interese pola densidade poboacional, sendo as obra a executar as que definen de forma esquemática a continuación:

- Creación de un elemento estrutural de soporte cos correspondentes cimentación, no subsolo,asi como o espacio necesario para reserva de e ubicación de cuartos de maquinaria que ademais e utilizada como elemento de suxeición a unha pasarela horizontal que conduce ata a zona de cota superior.
- Dito elemento vertical que se executará en base de perfilería metálica entrelazada estruturalmente con elementos de formigón armado, con acabados exteriores a base de vidro y chapa metálica, ademais de exercer de estrutura autoportante da pasarela superior, dispón de escaleira, dúas cabinas de ascensor cada unha, para unha ocupación de 15 persoas, estimando que aproximadamente en 25 segundos efectuaran o percorrido de a diferencia de cota
- Sobre o elemento estrutural autoportante descrito, e auxiliados por dúas pilas de apoio executadas sobre cimentación a base de pilotaxes, xerándose unha pasarela en forma circular que crea dos puntos de acceso a o espacio público que conforma a estación intermodal de unión entre a parte alta dos ascensores, dita pasarela conformase como un elemento estrutural autoportante a base de perfilería metálica combinada con elementos de formigón armado, e acabados



## Concello de Vigo

exteriores a base de vidro y elementos metálicos.

- Sobre ditos elementos de acceso tanto pilar de ascenso, como pasarela, dotase a mesma de iluminación para uso diúrno da mesma, así como a urbanización, pavimentación e axardinamento dos entorno de acceso a dita pasarela, dotándoa ademais de aéreo xeradores a fin de reducir os consumos enerxéticos que proveñen do exterior.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DOCE) 12 meses.

V.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución favorable da *Agencia Estatal de Seguridad Aérea*, de data 25.01.2022, autorizando a instalación de elemento para núcleo de ascensores e pasarela de comunicacións a través da A9, por atoparse en terreos afectados por servidumes aeronáuticas establecidas para o aeroporto de Vigo, segundo Real Decreto 2278/1986, do 25 de setembro, polo que establecen as novas servidumes aeronáuticas do aeroporto de Vigo (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 1986, con corrección de erros en BOE núm. 288, do 2 de decembro de 1986).

Asemade, consta resolución estimatoria de ADIF de data 03.02.2022, relativa ao procedemento administrativo de autorización de actividade en zonas de dominio público e/o protección ferroviaria, prevista no artigo 16.1 da Lei 38/2015, de 29 de setembro, do Sector Ferroviario, para realizar construción de pasarela para conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte.

VI.- En data 08.02.2022, por parte da Xefa da área Técnica da XMU, emítese informe sobre a viabilidade urbanística do devandito proxecto, indicando o seguinte:

*"O Consello da Xunta na súa reunión do 04/10/2018 adoptou, entre outros, o seguinte Acordo: "Aprobar u Proxecto integrado centro Vialia estación de Vigo (fase 1) e terminal de autobuses, como proxecto público de urxencia ou excepcional interese. Este acordo conleva a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou imposición de servidumes. Así mesmo o acordo de aprobación deste proxecto público será inmediatamente executivo e habilitará ao órgano promotor para o inicio das obras correspondentes. Ordenar ao Concello de Vigo o inicio do procedemento de alteración da ordenación urbanística correspondente, conforme a tramitación establecida na Lei do solo de Galicia". Dito proxecto tramitouse de conformidade coa Lei 3/2016 de medidas e materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, a cal permite a execución de proxectos promovidos por órganos das administracións públicas ou de dereito público que sexan desconformes co planeamento urbanístico se se apreciase razóns de urxencia ou excepcional interese.*

*A parcela na que se executou o proxecto aprobado polo Consello da Xunta cualifícase, de conformidade co Plan Xeral de Ordenación Urbana PXOU93 aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 29/04/1993 como solo urbano coa ordenanza 4.2 de Zonas Ferroviarias. Na documentación da "Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo" aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de data 26/08/2021 a parcela está clasificada como solo urbano consolidado incluído no sistemas xeral SX-IC-FER-104 de comunicacións tipo ferroviario, existente polo que recolle o proxecto xa executado.*

*Con data 28/09/2021 a Concelleira delegada da Área de urbanismo resolveu outorgar licenza de primeira ocupación á edificación que alberga o Centro Comercial Vialia-Vigo, situado na Praza da Estación de Vigo, composto dúas plantas de soto destinadas a garaxe-aparcamento e planta intermedia a cota +40,10 destinada a sala de embarque da estación, dúas plantas destinadas a centro comercial, accesos a la estación, zonas de usos ferroviarios e servizos complementarios do uso ferroviario, entreplanta para*

*oficinas e planta de cuberta para accesos, praza de uso público público e locais técnicos.*

*O proxecto integrado centro Vialia estación de Vigo (fase 1) e terminal de autobuses aprobado pola Xunta de Galicia, o cal establece os parámetros urbanísticos polos que se va a regular el ámbito da nova estación intermodal, determina que sobre a cuberta do Edificio Vialia Vigo se cederá un espazo de praza pública á cidade. Na fase 1, dita praza terá, de conformidade co proxecto do centro comercial, una superficie de 21904,26 m<sup>2</sup>, de cesión como espazos libre de uso público.*

*O proxecto denominado "CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO" desenvolve a proposta de conexión peonil mediante dous elevadores e dúas pasarelas con desembarco na praza de uso público do centro Vialia, conectado coa Vía Norte.*

*Urbanisticamente non existe inconveniente no desembarco das pasarelas na Praza da cuberta do centro comercial Vialia dado o carácter de praza pública que se establece no proxecto aprobado polo Concello da Xunta e que figura na descrición da edificación na licenza de primeira ocupación."*

**VII.-** En data 17.02.2022, recíbese resolución favorable da *Dirección General de Carreteras del Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana*, autorizando o proxecto de execución de CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NON CONCELLO DE VIGO (dic. 2021), polo que á autoestrada AP-9 refírese, con suxeición ás seguintes condicións particulares:

- Dado que as pezas nas que se divide a pasarela serán izadas directamente desde o transporte especial que as transporte, este deberase situar o máis afastado posible do muro de terra armada. Os cortes de tráfico da entrada cara a Vigo serán en horario nocturno, de 00 h a 6 h da mañá. Con todo, para a hora de inicio do corte, as intensidades e condicións do tráfico poderían permitir axustar dita hora inicial.
- Os itinerarios alternativos para as fases de corte total que se expoñen son a través do ramal de saída 4V que desemboca na C/Isaac Peral e Porto de Vigo ou saída a través da saída 2+000 V Avenida de Buenos Aires. Ditas saídas non se verán afectadas en ningún momento pola obra nin o tráfico das obras, e deberase garantir en todo momento unha circulación normal e fluída en condicións de seguridade
- Deberá contemplarse a reposición como servizo afectado do colector de augas pluviais da AP-9 existente baixo a cimentación do HALO e que dá saída ás súas augas cara ao colector existente na rúa Serafín Avendaño.

**VIII.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 17.02.2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*

*A actuación proposta, segundo o PXOU/93, atopase dentro do solo urbano estando dita zona sobre a traza de un vial, ordenanza 4.2 de servizos ferroviarios y espacio de solo cualificado con ord. Ord. 3.1.B de parques e xardíns, mantendo dita calificación e cualificación no I.O.P, e con referencia a no PXOU, en fase de exposición, dispón da cualificación de equipamentos e sistema xerais de comunicación, onde a actuación proposta de comunicación non é contraditoria con ambos planeamentos, como tamén así consta no informe Do Arquitecto Municipal. Xefa da Área Técnica da XMU de data 08/02/22.*

*As obras propostas segundo o documento técnico non afecta a ningún elemento protexido, como así*



## Concello de Vigo

*consta nos apartados 2 e 3 do anexo 4, e informe da Oficina de Patrimonio de data 13/12/21  
Dispón de autorización de AESA, de data 25/01/22 por atoparse dentro da area de servidume aeronáutica.*

*O documento proposto da cumprimento as condicións particulares da autorización do Dirección Xeral de Carreteras do Ministerio de Transportes, Movilidad e Agenda Urbana de data febreiro 2022.*

*Asemade o proxecto en cuestión dispón autorización de data febreiro de 2022 de ADIF Alta Velocidad (incorporando o proxecto presentado en data 16 de febreiro de 2022 as indicacións recollidas nas prescricións técnicas da citada autorización).*

### CONCLUSIÓN:

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considerase adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

**I.-** A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV.-** A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

Aprobar o proxecto de obras de “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFIN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Miguel Sacristán Montesinos, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOCE MILLÓNS SEISCENTOS SETENTA E SEIS MIL CORENTA E OITO EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS. ( 12.676.048,79 €), de data decembro de 2021 e sinatura dixital de data 11.01.2022.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretario dou fe.

MEF.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez